



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, a quen corresponde aprobar os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia?

- A) Ao Parlamento de Galicia.
- B) Ao Tribunal Constitucional.
- C) Ás Cortes Xerais.
- D) Ao Presidente da Xunta de Galicia.

2. De acordo co Decreto de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, quen dos seguintes cesará en primeiro lugar, en virtude da incorporación na súa praza dun profesional estatutario fixo?

- A) O persoal temporal.
- B) O persoal en promoción profesional en praza vacante.
- C) O persoal en comisión de servizos en praza vacante.
- D) O persoal funcionario das escalas de administración sanitaria, de menor a maior antigüidade.

3. De acordo coa Lei Xeral de Sanidade, e respecto á saúde mental, consideraranse dun modo especial os problemas referentes a:

- A) A formación ocupacional destes pacientes.
- B) A psiquiatría xuvenil e as deficiencias en materia de atención de enfermaría.
- C) A psiquiatría infantil e psicoxeriatria.
- D) Todos os anteriores.

4. De acordo co Estatuto Marco, NON é unha modalidade de nomeamento temporal de interinidade:

- A) A substitución de persoal fixo ou temporal.
- B) A execución de programas de carácter temporal.
- C) O exceso ou acumulación de tarefas.
- D) A cobertura dunha praza vacante.

5. De acordo coa Constitución Española e respecto ao dereito á protección da saúde, NON é correcto indicar que os poderes públicos fomentarán:

- A) A educación física e o deporte..
- B) A adecuada utilización do lecer.
- C) A educación sanitaria.
- D) As prestacións sociosanitarias.

6. Conforme á Lei galega 11/2007 como se denomina aquel acto violento ou agresión, baseado nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada?

- A) Discriminación por razón de xénero.
- B) Violencia sexual.
- C) Violencia de xénero.
- D) Violencia contra as mulleres.

7. De acordo coa Lei de Saúde de Galicia, NON é un principio reitor do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) A promoción e comercialización de produtos e recursos sanitarios.
- B) A adecuación das prestacións sociais e económicas ás necesidades de saúde da poboación.
- C) A participación e implicación dos profesionais no sistema sanitario.
- D) A acreditación e avaliación continúa dos servizos sanitarios prestados na Comunidade Autónoma.

8. NON é unha función do Servizo Galego de Saúde:

- A) A xestión das prestacións farmacéuticas e complementarias que corresponda no ámbito das súas competencias.
- B) A celebración de contratos de servizos sanitarios con organizacións, centros, servizos e establecementos, públicos e privados.
- C) O desenvolvemento dos programas de actuación sanitaria.
- D) A aprobación do Plan de Saúde de Galicia.

9. De acordo co Estatuto Marco, en cal dos seguintes casos NON se producirá a perda da condición de persoal estatutario fixo?

- A) Na declaración dunha incapacidade permanente para a profesión habitual.
- B) Na declaración dunha incapacidade absoluta para todo traballo.
- C) Na declaración dunha incapacidade parcial.
- D) Na renuncia.

10. De acordo coa Lei galega reguladora do consentimento informado e da historia clínica, cales dos seguintes poden acceder ao contido e documentación da Historia Clínica?

- A) Os órganos competentes para a tramitación e resolución de procedementos de responsabilidade patrimonial das Administracións sanitarias.
- B) El paciente titular da mesma.
- C) A inspección sanitaria no exercicio das súas funcións.
- D) Todos os anteriores.

1. Conforme á Lei galega reguladora do consentimento informado e da historia clínica, Como se denomina o documento polo cal unha persoa maior de idade, capaz e libre, manifesta anticipadamente a súa vontade, a fin de que esta sexa cumprida no momento en que chegue a situacións nas que polas circunstancias non sexa capaz de expresala persoalmente, sobre os cuidados e o tratamento da súa saúde, ou, unha vez chegado o falecemento, sobre o destino do seu corpo ou dos órganos do mesmo?

- A) Consentimento informado por substitución.
- B) Documento de instrucións previas.
- C) Dilixencias de consentimento final.
- D) Documento de últimas vontades.

2. De acordo co Estatuto Marco, e respecto a a súa categoría de orixe, en que situación se atopa aquel estatutario fixo que realice funcións noutra categoría a través dunha promoción interna temporal?

- A) En excedencia voluntaria.
- B) En suspensión provisional de funcións.
- C) En servizos especiais.
- D) En servizo activo.